

NOTIFICACIÓN

A concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, aprobou con data do 17 de outubro de 2019, o seguinte acordo:

“Por acordo do Concello Pleno de data 27.09.2018 aprobouse inicialmente o Regulamento do Consello Municipal de Igualdade e Muller, publicándose o texto definitivo no BOP do 6 de febreiro de 2019.

O primeiro paso para constituír dito Consello, foi abrir un prazo para solicitar formar parte do mesmo. Dito prazo rematou o 13 de setembro.

O Capítulo III, artigo 6.d) do Regulamento establece como requisito que as entidades, partidos políticos, plataformas, cooperativas, organizacións sindicais e entidades do terceiro sector que opten a participar no Consello Municipal de Igualdade e Muller teñan un área de Igualdade e Muller, vocalía, secretaría ou similar.

Unha vez revisada a documentación das solicitudes presentadas para formar parte do Consello Municipal de Igualdade e Muller, compróbase que hai tres entidades que non cumpren co artigo mencionado no parágrafo anterior.

Polo exposto, propóñolle á concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística o seguinte:

Primeiro.- Admitir as seguintes solicitudes presentadas para formar parte do Consello Municipal de Muller e Igualdade sen prexuízo da aclaración que se realiza para as mulleres a título individual:

ENTIDADE	NOME
Grupo municipal	PSOE
Grupo municipal	PP
Grupo municipal	Ferrol en Común
Grupo municipal	BNG
Partido político	PP
Partido político	PSdeG-PSOE
Partido político	Ferrol en Común
Organización sindical	UGT FERROL
Organización sindical	Secretaría Comarcal das Mulleres da CIG-Ferrol
Organización sindical	CCOO

Organización sindical	Sindicato comarcal de pensionistas de CCOO
Asociación	Asociación de Mulleres Investigadoras e Tecnólogas en Galicia
Asociación	Asociación Dignidad Galicia
Asociación	Asociación de Mulleres Rurais de Doniños
Asociación	Asociación Mulleres Rurais Río D'Aneiro
Asociación	Marcha Mundial Mulleres Ferrolterra
Asociación	Cáritas Diocesana Mondoñedo-Ferrol
Asociación	Ateneo Ferrolán
Asociación	Asociación rural de Mulleres Emprendedoras-ARUME
Asociación	Asociación de Loita contra os malos tratos-ALMAT
Asociación	Asociación Cultural Fuco Buxan
Asociación	Asociación de Mulleres "Barrio de Caranza"
Asociación	Patronato Concepción Arenal
Asociación	Asociación Sociocultural ASCM
Asociación	Asociación de Loita Contra a Violencia de Xénero (ALVIXE)
Asociación	Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR)
Asociación	Confederación Galega de Persoas con Discapacidade COGAMI
Asociación	Acción Familiar Ferrol (AFA)
(*)Mulleres a título individual	MSSJ
(*)Mulleres a título individual	PFS
(*)Mulleres a título individual	ISB
(*)Mulleres a título individual	OKGV

(*) O artigo 6.f) do Regulamento establece que o número máximo de solicitudes de mulleres a título individual será de tres. As solicitudes presentadas foron catro polo que o día da sesión constitutiva realizarase un sorteo para elixir as tres participantes a incluír no Consello, tal e como o recolle o Regulamento.

Segundo.- Inadmitir as seguintes solicitudes presentadas para formar parte do Consello Municipal de Muller e Igualdade por non cumprir os requisitos esixidos no artigo 6. d) do Regulamento que rexe dito Consello:

Asociación de Fibromialxia e Fatiga Crónica do Noroeste (AFFINOR)	Non conta cun Área, Secretaría, Vocalía ou similar no ámbito da Igualdade e Muller
AV O Rosario-Inferniño	Non conta cun Área, Secretaría, Vocalía ou similar no ámbito da Igualdade e Muller
Foro Galego de Inmigración- Coordinadora Ferrolterra	Non conta con personalidade xurídica

“

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Casa do Concello,

O secretario xeral